



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/45	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de decembro de 2019
Duración	Desde as 12:30 ata as 12:55 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario accidental	JOSE CARLOS VILARIÑO MEIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 9 de decembro de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da sesión anterior realizada en data 9 de decembro de 2019.

Expediente 7048/2019. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta de solicitude presentada por C.B.F. de autorización municipal para instalación de sinal de pasaxe permanente para garaxe particular en rúa A Guardia, nº X.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 10.12.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"A Policía Local de Cangas, con relación á instancia presentada por C.B.F., na que solicita a concesión de sinal de pasaxe permanente para garaxe particular sito en rúa A Guardia, no semisoto do edificio nº X da Avenida de Marín. Informa que non existe inconveniente en conceder o solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido pola policía local, acorda autorizar ao Sr. B.F. para a instalación de sinal de pasaxe permanente referido.

Expediente 6981/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.M.M., na que demanda a sinalización de unha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida en rúa Real, nº X.

Visto, así mesmo, o informe emitido ao respecto en data 11.12.2019 pola policía local, que di o seguinte:

"A policía local de Cangas, con relación ao pedimento de M.M.M., no que solicita unha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida en rúa Real, nº X, informa:

Na mesma rúa á altura do número 50 e a menos de 50 metros do domicilio da solicitante





existe unha praza de estacionamento reservada para persoas con mobilidade reducida, polo que sería aconsellable se aumentara a dúas prazas o dito estacionamento".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido pola policía local, acorda aprobar a solicitude da Sra. M.M., para sinalización de unha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida en rúa Real, nº X.

Expediente 7064/2019. Solicitude de sinalizacións varias

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por D.G.H. (presidente da comunidade "GATAÑAL B3"), na que demanda cambio de prioridade entre a rúa As Pontes e a vía auxiliar do pavillón do Gatañal.

Visto, así mesmo, o informe emitido ao respecto en data 10.12.2019 pola policía local, que di o seguinte:

"Informa que a sinalización actual debería modificarse, marcando os carrís de circulación, colocando sinais verticais, priorizando o paso dos vehículos que saen da rúa Pontillón".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude sinalada por estes no informe transcrito.

Expediente 6800/2017. Proposta da Alcaldía para prórroga de pólizas de seguro

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 12.12.2019, referente a prórroga de pólizas de seguro, que é como segue:

"Expediente nº C-17/26_6800/2017

Contrato: seguros privados

Lotes:

- 1.- Seguro de responsabilidade civil*
- 2.- Seguro de flota de vehículos*
- 3.- Seguro de danos materiais*

Asunto: proposta prórroga contrato

Visto que o día 31.12.2019 finaliza a vixencia das pólizas de seguro que este Concello ten contratadas para a cobertura de diferentes riscos.

Visto que a empresa 'AON GIL y CARVAJAL SAU', que presta a este Concello o servizo de





mediación de seguros privados, en virtude do contrato asinado o día 31.10.2017 (contrato nº 2017-0006), informou o seguinte:

'Una vez analizado o comportamento da póliza de referencia durante os dous anos de contrato que leva vixente; consideramos que é aconsellable a prórroga, por un ano máis, do contrato coa compañía actual.

A xestión do contrato por parte da compañía é correcta, ten unha boa resposta ante os sinistros e a prima é acorde aos valores actuais de mercado'.

Polo exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Prorrogar por un ano, do 01.01.2020 ata o 31.12.2020, os seguintes seguros:

- Seguro de responsabilidade civil: póliza nº 0961870018367, subscrita coa compañía 'MAPFRE ESPAÑA SA', con CIF nº A28141935 (contrato núm.: 2018-0003).
- Seguro de flota de vehículos: subscrito coa compañía 'MAPFRE ESPAÑA SA', con CIF nº A28141935 (contrato nº 2018-0003).
- Seguro de danos materiais: póliza nº 04296638200000, subscrita coa compañía 'ALLIANZ SA', con CIF nº A28007748 (contrato nº 2018-0006).

Segundo.- Dar traslado deste acordo ás compañías aseguradoras e aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar a proposta da alcaldía transcrita.

Expediente 7052/2019. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Este punto da orde do día foi retirado, pendente de mellor estudo.

Expediente 3596/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Este punto da orde do día foi retirado, pendente de mellor estudo.

Expediente 7053/2019. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Este punto da orde do día foi retirado, pendente de mellor estudo.





Expediente 7067/2019. Proposta da concelleira de mocidade e voluntariado para aprobación do prezo público do "Programa de obradoiros de tempo libre para a mocidade"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 10.12.2019 de Ingrid Mihaela Loredana Oprea, concelleira de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación do prezo público para o "PROGRAMA DE OBRADOIROS DE TEMPO LIBRE PARA A MOCIDADE", que é como segue:

"Desde esta concellería, apóstase polos proxectos de lecer e tempo libre para a mocidade coa finalidade de ofrecerlle alternativas saudables, creativas e que fomenten as relacións sociais.

As actividades terán as seguintes características:

- 1.- As actividades desenvolveranse en diferentes épocas do ano.*
- 2.- As persoas interesadas deben ter 16 anos cumpridos no momento de iniciar o curso, tendo prioridade os que estean empadroados en Cangas.*
- 3.- Para poder impartir os obradoiros será preciso contar cun mínimo de 15 participantes.*
- 4.- Con base no acordo plenario de 23 de novembro de 2011, aprobouse a Ordenanza reguladora de prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo Concello e tendo en conta o seu artigo 4º punto 1, di que o establecemento da contía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local e que, así mesmo, no seu punto 4, di que con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custo do servizo.*

Os prezos que se establecen son:

- Obradoiros de tempo libre de 30 h. 40 €.*
- Obradoiros de tempo libre de 20 h. 25 €.*

5.- Se, unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste, no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada, cando menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a administración anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

A solicitude poderá presentarse no rexistro xeral do Concello de Cangas, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na lei. Deberá dirixirse ao Alcalde /presidente".





A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita, referente á aprobación do prezo público para o "PROGRAMA DE OBRADOIROS DE TEMPO LIBRE PARA A MOCIDADE".

Expediente 7066/2019. Proposta da concelleira de mocidade e voluntariado para aprobación das bases do "17º Certame de cómic"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 10.12.2019 de Ingrid Mihaela Loredana Oprea, concelleira de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación das bases do "17º Certame de Cómic".

"1.- Dirixido a mozos/mozas artistas, non profesionais de ata 35 anos cumpridos dentro do ano 2020.

Establécense as seguintes categorías:

- CATEGORÍA A: de 18 a 35 anos.
- CATEGORÍA B: de 14 a 17 anos.
- VIÑETA XOVE: menores de 14 anos.

2.- Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia e inéditos, non debendo ter sido premiados en ningún outro certame ou concurso.

Tema e técnica libre (cor ou branco e negro) en formato DIN A-4 (210mm x 297 mm). A extensión será de 4 páxinas para as categorías A e B, e de 2 a 4 páxinas para o Premio Viñeta Xove.

3.- A presentación das obras pode facerse de xeito individual ou conxuntamente entre guionista e debuxante e poderán presentar tantas obras como o desexen, sempre dentro da categoría correspondente.

Cada autor tan só optará a un dos premios.

4.- Os traballos presentaranse sen asinar, indicando no encabezamento o título ou pseudónimo adoptado polo/pola autor/autora e deberán ser enviados polo sistema de plica, é dicir, introducidos nun sobre pechado xunto con outro sobre de menor tamaño que conteña a fotocopia do DNI, nome e apelidos, enderezo postal, teléfono e enderezo electrónico.

Se a obra foi realizada con ordenador, xunto ás páxinas impresas débese xuntar unha copia en soporte dixital (CD ou pendrive). O tamaño mínimo debe ser DIN A4 a 300 ppp, en formato PDF en RGB ou CMYK. As páxinas deben estar claramente numeradas.

Poderán tamén enviar as obras por correo electrónico a xuventude@cangas.gal. A presentación será mediante un único correo que inclúa os dous documentos: o traballo en formato PDF e outro documento chamado PLICA, con fotocopia do DNI, nome e apelidos,





dirección postal, teléfono.

A OMIX confirmará a recepción de orixinais e garantirá o tratamento confidencial do traslado dos traballos ao xurado.

5.- Os traballos deberán ser presentados antes do 5 de xuño de 2020 na Casa da Xuventude do Concello de Cangas (rúa Real, nº 29-36940 Cangas-Pontevedra) ou xuventude@cangas.gal

6.- Establécense os seguintes premios:

- CATEGORÍA A: PREMIO 500€.*
- CATEGORÍA B: PREMIO 200€.*
- VIÑETA XOVE: PREMIO 100 €.*

7.- A organización non se responsabilizará de posibles danos ou extravíos das obras, que serán obxecto dunha exposición no "19º Salón do cómic e ilustración" do 13 ao 19 de xullo.

8.- O xurado presidido pola concelleira delegada de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por un número impar de persoas cualificadas neste campo artístico, recaíndo a secretaría na técnica responsable de xuventude.

A concelleira delegada de área será a encargada de nomear aos membros deste tribunal.

O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.

9.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas.

10.- As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas, no facebook de xuventude e a través da prensa local.

11.- A participación implica a aceptación destas bases".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 7063/2019. Proposta da concelleira de mocidade e voluntariado para aprobación das bases do "17º Certame de cartas de amor"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 10.12.2019 de Ingrid Mihaela Loredana Oprea, concelleira de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación das bases do "17º Certame de Cartas de Amor", que é como segue:

"BASES

1.- Carta referente ao amor.





2.- Poderán participar todos/todas aquelas/aqueles que o desexen dentro das seguintes categorías:

A.- Ata 16 anos (nados no 2004).

B.- A partir de 17 anos cumpridos (nados no 2003 e anteriores).

3.- A extensión máxima será de dous folios mecanografiados a dobre espazo e co texto en galego.

4.- Os traballos deberán presentarse achegados dun sobre pechado no que se incluírán os datos da autora/autor: nome, enderezo, nº de teléfono, fotocopia do DNI ou libro de familia.

5.- Os traballos deberán ser entregados na oficina municipal de información xuvenil, sita na Casa da Xuventude ata o día 24 de xaneiro.

6.- O xurado presidido pola concelleira delegada de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por un número impar de persoas cualificadas neste campo artístico, recaíndo a secretaría na técnica responsable de xuventude.

A concelleira delegada de área será a encargada de nomear aos membros deste tribunal.

O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.

7.- O faio do xurado darase a coñecer o día 12 de febreiro na oficina municipal de información xuvenil.

8.- Premios:

- Categoría A:

1º.- Vale de 75,00 € e diploma.

2º.- Vale de 50,00 € e diploma.

3º.- Vale de 40,00 € e diploma.

Categoría B:

1º.- Estancia de fin de semana nunha casa rural para dúas persoas e diploma.

2º.- Estancia dunha noite nunha casa rural para dúas persoas e diploma.

3º.- Estancia dunha noite nunha casa rural para dúas persoas e diploma.

9.- No caso de estimalo oportuno, o xurado poderá deixar deserto algún dos premios.

10.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas.

11.- As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas, no facebook de xuventude e a través da prensa local".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.





Expediente 7047/2019. Solicitud de permanencia no servizo activo

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte proposta de data 10.12.2019, referente a escrito de comunicación de xubilación e de solicitude de continuidade no servizo activo, que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ESCRITO DE COMUNICACIÓN DE CONTINUIDADE NO SERVIZO ACTIVO

*Visto o escrito con rexistro de entrada nº 17287, de data 3 de decembro do 2019, presentado polo empregado municipal A.F.V., con DNI nº ***0307**, no que expón:*

'Que a data da miña xubilación ordinaria corresponde ao mes de abril de 2020, por ter un período de cotización inferior aos 37 anos', e solicita:

Solicito a prórroga na ocupación laboral ata o límite legal admitido na administración local ou por solicitude expresa da miña xubilación'.

Polo que propono á Xunta de Goberno Local:

*Primeiro.- Tomar coñecemento da comunicación do empregado municipal, A.F.V., con DNI nº ***0307**, de seguir activo como empregado laboral indefinido do Concello no posto de médico psiquiatra na Unidade Asistencial de Drogodependencias".*

Expediente 4603/2019. Licenza urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4603/2019.- Conceder, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obras á Deputación Provincial de Pontevedra, para a execución das obras de adecuación do punto limpo da Mancomunidade do Morrazo, no marco do proxecto europeo 0264-ESTRAEE-1, consistentes na construción dun almacén para RAEE,s., e reutilización a instalación da iluminación do almacén e a instalación neste dun sistema de protección contra incendios e paneis indicativos, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos S.D.O.L. de data febrero de 2019. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a trinta e catro mil oitocentos vinte e cinco euros con oitenta e seis céntimos (34.825,86 €).

Expediente 5240/2019. Licenza urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento





Concello de Cangas

EXPEDIENTE N° 5240/2019.- EXPEDIENTE N° 21.297.- LICENZA N° 20.781.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a O.D.R. e R.O.P., con enderezo en rúa Franco, n° X°-Cangas (referencia catastral X), para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Río Esteiro-Vilariño-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal n° 20.781 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 31 de outubro de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 16 de decembro de 2019.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 36AYL7NFEPKJ9GHSMZ2SC6JZ | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10